

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS**

### **Artigo 1.- Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao disposto no artigo no artigo 57 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### **Artigo 2.- Feito Impoñible.-**

Constitúe o feito imoñible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.

A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolución municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal e á utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que estén gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este Concello.

### **Artigo 3.- Suxeito Pasivo.-**

Son suxeitos pasivos desta taxa, tódalas persoas físicas ou xurídicas e as Entidades que o soliciten, provoquen ou en cuxo interés redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

### **Artigo 4.- Responsables.-**

Responderán da débeda tributaria, xunto aos deudores principais, outras persoas ou Entidades. A estos efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de Decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

CONCEPTO	IMPORTE
<b>DOCUMENTOS RELATIVOS Ó PADRÓN DE HABITANTES</b>	
1. Certificacións de empadronamiento e vecindade	1,20€
2. Informes de convivencia, residencia, signos externos de riqueza ou similares	2,00€
3. Altas, baixas e alteracións no Padrón de Habitantes	1,20€
<b>CERTIFICACIÓN E COMPULSAS</b>	
1. Certificación de documentos ou Acuerdos municipais por unidade	2,00€
2. Cotexo de documentos, por unidade	0,20 €
3. Fotocopias de documentos, por unidade	A4 en color: 0,15 € A3 en color: 0,25 € A4 bn: 0,10 € A4 bn: 0,15 €
<b>DOCUMENTOS RELATIVOS A SERVIZOS URBANÍSTICOS</b>	
1. Por tramitación de licenzas ou autorizacións de obras, instalacións e construcións	60,00€

2. Informes urbanísticos	6,00€
3. Certificacións catastrais	3,00€
4. Licenzas de primeira ocupación	5,00€
5. Prórrogas de licenzas concedidas	15,00€
6. Tramitación modificado de proxectos de todo tipo de licenzas ou autorizacións	30,00 €
<i>DOCUMENTOS RELATIVOS AOS SERVIZOS DE CONTRATACIÓN</i>	
1. Formalización de contratos	
<i>OUTROS DOCUMENTOS NON COMPRENDIDOS NOS ANTERIORES EPÍGRAFES</i>	
1.- Por tramitación expedientes xestión biomasa	4,00€

*Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, do 17 de Decembro, Xeral Tributaria.*

#### **Artigo 5.- Exencións e Bonificacións.-**

*Concederanse exencións ou bonificacións desta taxa:*

*Está exento do imposto a elaboración reprodución e envío de documentos aos membros a Da Corporación, sempre que a solicitude se base no exercicio das súas funcións públicas representativas.*

#### **Artigo 6.- Cuota Tributaria.-**

*A cuota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa fixada no artigo seguinte.*

*A cuota de tarifa correspondente á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución derradeira, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.*

#### **Artigo 7.- Tarifa.-**

*A taxa a que se refire esta Ordenanza rexerese polas seguintes tarifas:*

#### **Artigo 8.- Devengo.-**

*Devégase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.*

*Ademáis, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando se inicie sin previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.*

#### **Artigo 9.- Normas de Xestión.-**

*A taxa esixirase en rexime de autoliquidación.*

*As coutas satisfaranse nas oficinas municipais, no momento de presentación do escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou ó retirar a certificación ou notificación da resolución si a solicitude non existirá ou non fose expresa.*

*Os documentos recibidos polos conductos de outros rexistros xerais serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sin o previo pago dos dereitos, a cuxo fin se requerirá ao interesado para que no prazo de dez días abone as cuotas correspondentes, co apercibemento de que transcurrido dito prazo sin efectualo, teranse os escritos ou documentos por non presentados e será arquivada a solicitude.*

*As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal en virtude de oficio de Xulgados ou Tribunais para toda clase de pleitos, non se entregarán nin remitirán sin que previamente se satisfacera a correspondente cuota tributaria.*

#### **Artigo 10.- Infraccións ou Sancións.-**

*En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de Decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolven.*

*Disposición final única.-*

*A presente Ordenanza Fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o 31 de Outubro de 2011, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no BOP e*

*será de aplicación a partir de este intre, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.*

*Contra o presente Acordo, consonte ó artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que estableza a normativa reguladora da devandada xurisdicción.*